



SESION EXTRAORDINARIA DE 24 DE FEBREIRO DE 2026

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as catorce horas e trinta minutos do día **vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

	IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Página	1/6



ORDE DO DÍA

1.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA EXECUTAR A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO 48/2026, DE 22 DE XANEIRO, POLO QUE SE RATIFICA A DECLARACIÓN DE NULIDADE DE PLENO DEREITO DE VARIOS ACTOS DA PRESIDENCIA E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa Extraordinaria de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, xunto cos deputados provinciais que abaixo asinan, comparecen e como mellor proceda:

Expoñen

Primeiro.- O artigo 89 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo establece a posibilidade de solicitar a convocatoria dunha sesión plenaria da corporación provincial de carácter extraordinario sempre que o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal dos membros da Corporación. Neste último caso, a súa celebración non poderá demorarse por máis de quince días dende que fose solicitada.

Segundo.- O citado artigo do devandito Regulamento Orgánico recolle que “no caso de solicitude de pleno extraordinario pola cuarta parte dos deputados provinciais, se o presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado, quedará convocado automaticamente para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do prazo sinalado no artigo anterior, ás doce horas”.

Tendo en conta a recente Sentencia do Tribunal Supremo 48/2026, de 22 de xaneiro, polo que se ratifica a declaración de nulidade de pleno dereito do Decreto da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo de data do 13 de decembro de 2019, en cuxa virtude se acorda adquirir unha participación da mercantil TRAGSA, así coma do acordo da Xunta de Goberno Local de data do 27 de decembro de 2019, polo que se encarga a TRAGSA, como medio propio, o servizo de mantemento e conservación de zoas verdes.

E ao amparo do disposto no artigo 89 do regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo e demais lexislación de aplicación, solicita, coa sinatura dos deputados, a convocatoria urxente dun pleno de carácter extraordinario cunha orde do día na que se inclúa o seguinte punto:

	IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:28	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Página	2/6	



Moción do Grupo Provincial Popular para executar a Sentencia do Tribunal Supremo 48/2026, de 22 de xaneiro, polo que se ratifica a declaración de nulidade de pleno dereito de varios actos da Presidencia e máis da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Lugo

Exposición de motivos

Ante a absoluta falla de respecto do equipo de Goberno Provincial ás máis básicas regras de funcionamento democrático das institucións, o Grupo Provincial do Partido Popular presentou recurso contencioso-administrativo fronte aos seguintes actos:

a) Decreto da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo con data do do 13 de decembro de 2019, en cuxa virtude se acorda adquirir unha participación da mercantil TRAGSA.

b) Acordo da Xunta de Gobierno Local da Excm. Deputación Provincial de Lugo con data do do 27 de decembro de 2019, polo que se encarga a TRAGSA, como medio propio, o servizo de mantemento e conservación de zonas verdes.

Con ditos actos non soamente se privou ao Pleno da Corporación -máximo órgano de representación democrática- do análise e debate da proposta de reorganización da institución, senón que se decidiu botar pola porta de atrás a un colectivo de traballadores que resultaban incómodos para o Goberno Provincial.

Chama a atención que a “municipalización” ou “provincialización” de servizos pola que dín apostar os partidos do Equipo de Goberno non é tan atractiva cando son eles quen os gobernan. O caso sobre o que versa esta iniciativa é un exemplo evidente desta incoherencia, ao externalizar un servizo sen preocuparse polo futuro dos traballadores que o prestaban.

A Sentenza 65/2022, do 31 de marzo, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Lugo, estimou o recurso interposto polo Grupo Provincial do Partido Popular e ditou o seguinte fallo:

“Que debo ESTIMAR E ESTIMO o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual do GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR fronte á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, con intervención da entidade mercantil EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E, M.P (TRAGSA) no procedemento seguido ante este Xulgado como PROCESO ORDINARIO número 43/2020, respecto de as resolucións citadas no cabezal desta Sentenza, que as

	IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Página	3/6



declaro nulas de pleno dereito, deixándoo sen efecto, con todas as consecuencias inherentes a tal declaración.”

Esta Sentenza foi confirmada polo Tribunal Supremo na recente Sentenza 48/2026, do 22 de xaneiro.

Na teima de externalizar os servicios provinciais, o día 12 de abril de 2022, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, á vista da Sentenza citada, acordou ratificar sendos acordos nulos de pleno dereito, nos seguintes termos:

“PRIMEIRO.- Ratificar a adquisición pola Deputación Provincial de Lugo dunha acción do capital social da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) disposta por Resolución da Presidencia con data do 13 de decembro de 2019.

SEGUNDO.- Ratificar o disposto na Resolución da Presidencia con data do 13 de decembro de 2019 de forma que, desde o devandito momento, TRAGSA pasou a ter a consideración de medio propio personificado da Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRO.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno, con data do 27 de decembro de 2019, polo que se encargou a TRAGSA, como medio propio da Deputación Provincial de Lugo, o servizo de mantemento e conservación das zonas verdes”.

A proposta de resolución aprobada polo Pleno da Deputación delimita claramente o ámbito temporal do acordo de ratificación:

“En tanto non se resolva dito recurso, a maior brevidade posible, adoptar acordo polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, ad cautelam, e co obxecto de garantir a seguridade xurídica das actuacións provinciais, no mesmo sentido que vos acordos adoptados polos órganos aos que se fai referencia na Sentenza.”

O recurso xa foi definitivamente resolto, polo que dita medida cautelar perdeu a súa vixencia.

Seguramente esta férrea vontade do Equipo de Goberno de externalizar os servicios provinciais lle empuxará a excusarse en dito acordo plenario para non dar cumprimento á Sentencia que anulou a tramitación deste goberno provincial.

Non obstante, compre recordar que a doutrina é unánime ao declarar a imposibilidade de ratificar ou validar un acto nulo de pleno dereito. (STS 3067/2013, do 30 de maio; sentenzas do 20 de decembro de 2001 e do 12 de xullo de 2012, entre outras moitas), e que o propio acordo plenario especificábase claramente que este acordo se adoptaba “En tanto non se resolva dito recurso, a maior brevidade posible, adoptar acordo polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, ad cautelam”

	IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:28	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Página	4/6	



É momento de asumir as responsabilidades xurídicas, de deixarse de escusas e de incongruencias, e de acatar e cumprir dunha vez as resolucións xudiciais, dar cumprimento á Sentenza do Tribunal Supremo, liquidar os encargos vixentes coa empresa TRAGSA, asumir directamente dende a Deputación os encargos outrora externalizados e subrogar aos traballadores afectados para integralos na Deputación Provincial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta a presente moción e propón a adopción dos seguintes Acordos:

Instar ao equipo de goberno da Deputación Provincial de Lugo a:

PRIMEIRO.- Dar cumprimento á Sentencia 65/2022, do 31 de marzo, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Lugo, ratificada na recente Sentenza 48/2026 do Tribunal Supremo e, consecuentemente, dar por rematados de xeito inmediato os encargos vixentes realizados a TRAGSA, concretamente, o encargo de prestación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes como consecuencia da súa nulidade radical.

SEGUNDO.- Asumir, dende a institución provincial, a xestión directa da prestación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes con medios propios, subrogando aos traballadores de TRAGSA destinados ao servizo e afectados pola citada sentenza do Tribunal Supremo, de cara a integralos dentro da Deputación Provincial de Lugo”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:28
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Página	5/6



https://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202602241428000000_FH.mp4&topic=1

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as quince horas do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Fecha y Hora	09/03/2026 11:53:28	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RRSD5FXRD3TN24P6U44CWEU	Página	6/6	